CONCELLO DE ARANGA

APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DE OUTUBRO DE 2026.

Por resolución da alcaldía do 13/11/2026 aprobouse o padrón de contribuíntes e liquidación do servizo de Axuda a domicilio correspondente ao mes de Outubro de 2026, expoñendose ao público para a súa notificación colectiva, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 do 17 de decembro, polo prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio, quedando a disposición dos interesados a efectos de presentación de reclamacións.

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas , os contribuintes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a alcaldía, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública. O recurso entenderáse rexeitado se non prazo dun mes dende a súa presentación non se resolve expresamente quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso. Todo esto sen prexuízo de calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren pertinente.

Aranga, 17 de Novembro de 2026
O alcalde

Asdo.Alberto Platas Álvarez

CIF. P1500300G
Praza Mestre Mosquera n.º 1 15317 ARANGA (A Coruña)
Teléfono 981 793 551 Fax 981 793 581 correo@aranga.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: 1tFtRuQAQb9ewig2EYHg Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.aranga.gal/